

NOTA DE PRENSA

A cerimonia dos galardóns do teatro celebrarase o 29 de marzo no Teatro Rosalía Castro da Coruña

Pepo Suevos dirixirá e conducirá a gala dos XXI Premios de Teatro María Casares

Suevos estará acompañado por un elenco conformado por María Roja, Roberto Leal, Josito Porto, Alberto Rolán, Marta Lado e Patricia Torres. A música correrá a cargo dunha banda cubana que traerá o son e a salsa á gala

Martes, 15 de marzo de 2017-. O actor, guionista e monologuista Pepo Suevos será o encargado de dirixir e conducir a gala dos XXI Premios de Teatro María Casares, que se celebrará o vindeiro **mércoles 29 de marzo no Teatro Rosalía Castro da Coruña**. A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), entidade organizadora dos galardóns, confíalle deste xeito **a Suevos a dirección e a presentación da gala deste 2017**. Suevos, que xa está a ultimar os detalles da cerimonia, **furará con humor e autocrítica nas relacións entre o teatro e a administración**, dous mundos ben diferentes condenados a entenderse. Para o espectáculo, o director da gala contará cun elenco de **seis actores e actrices**. Dese xeito, polas táboas do Rosalía pasarán os/as intérpretes **María Roja, Marta Lado, Roberto Leal, Alberto Rolán, Patricia Torres e Josito Porto**. A gala contará coa música en directo dunha banda formada por cinco músicos (os percusionistas Amaury Quintero Consuegra e Marcos Jaramillo, o pianista Josep Ruiz Zuluaga; o baixista Juan Perez Villavicencio e o trompetista Daniel Polo Salgado) que lle darán á cerimonia o toque do son cubano.

O presidente da AAAG, Ernesto Chao, sinala que a Xunta Directiva decidiu encargarlle a dirección da gala a Pepo Suevos por ser “un gran actor con moito que ofrecer”, cunha “traxectoria contrastada como monologuista”. Ademais, Chao destacou “o seu amplo traballo como guionista”, o cal é unha “garantía máis” que ofrece este auténtico “showman”. A gala, organizada pola AAAG, contará ademais coa dirección de arte de Suso Montero, un dos escenógrafos máis prestixiosos do noso país e que vén traballando nas galas dos María Casares nos últimos anos.

Os XXI Premios María Casares contan co patrocinio de institucións como a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic-Xunta de Galicia), Concello da Coruña, Deputación da Coruña, Padroado da Cultura de Narón, Fundación AISGE e Fundación SGAE. **Nesta edición dos galardóns, un total de 13 espectáculos compiten polos 14 galardóns nos que se dividen os premios**, sendo os espectáculos con maior número de finalistas **O tolleito de Inishmaan**, de Contraproducións e FIOT Carballo, que aspira a 11 premios; **Eroski Paraíso**, de Chévere, que opta 8 María Casares; **Raclette**, de Ibuprofeno Teatro, e **Voaxa e Carmín**, de ButacaZero e Eme2, que competirán en 5 categorías. O Premio de Honra Marisa Soto será recibido polo dramaturgo e director Eduardo Alonso.

PERFIL DE PEPO SUEVOS

Nacido en Ferrol en 1971, Pepo Suevos comezou a súa traxectoria artística como contacontos e monologuista para despois ampliar as súas facetas artísticas como actor de teatro, cine e televisión. Na pequena pantalla estreouse a comezos dos anos 2000 como colaborador en programas como *Tardes con Ana* ou *Luar*.

A partir dese momento, participou en series da TVG como *Rías Baixas* (TVG), *Terra de Miranda*, *As leis de Celavella*, *Escoba*, *Serramoura* ou *Pazo de familia*. En cine, Pepo Suevos traballou en fitas como *Entre bateas* (Jorge Coira, 2002), *Illegal* (Ignacio Vilar, 2003), *Heroína* (Gerardo Herrero, 2005), *Unha muller invisible* (Gerardo Herrero, 2007), *Pradolongo* (Ignacio Vilar, 2008) ou *A esmorga* (Ignacio Vilar, 2014). Tamén cómpre destacar o seu traballo en fitas como *Secuestrados* (Miguel Ángel Vivas, 2010), *Agallas* (Samuel Martín Mateos, Andrés Luque Pérez, 2009) ou *A praia dos afogados* (Gerardo Herrero, 2015). No mundo do teatro, Suevos formou parte da compañía Uvimóvil Teatro e do grupo de clown Os Sete Magníficos máis Un.

Suevos, ademais, traballa como guionistas en diferentes programas de televisión. Deste xeito, formou parte dos equipos de guión dos programas da TVG *A casa da Conexa*, *Tourilandia* ou *LandRober* e series como *GymTony*.

Para máis información,
ALBERTO RAMOS
TLF: 653782838
prensa.premios@aaag.es